

NA FIESTRA DOS SOÑOS

Dende a fiestra eu vexo
mil nubeiros que pasan
desfacendose en pingas de ouro
que escorregan polas corredeiras.

Dende a fiestra eu vexo
follas que revoan algareiras
por riba das paredes con mofo
húmido e verdiño, tan medrado pola choiva.

Dende a fiestra eu vexo
o sol e a súa andaina
a noite que cae paseniño
cando danzan as estrelas.

Dende a fiestra eu vexo
o fume branco das chemineas
arestora cando eu miraba de soñar...

Quizais ti tamén o vexas!!

Jesús Alfonso Parada Jato.